

ESTREA EN NUMAX: 27.09.2019 | V.O.S.E.

Monsieur (2019, 99')

Dirección: Rohena Gera

Guión: Rohena Gera

Elenco: Tillotama Shome, Vivek Gomber, Geetanjali Kulkarni, Rahul Vohra, Ahmareen Anjum

Son: Jean Gargonne

Montaxe: Jacques Comets

Fotografía: Dominique Colin

Dirección de arte: Florence Aillerie, Louis Duru

Vestuario: Kimneineng Kipgen

Música: Pierre Avia

Produtora: Ciné-Sud Promotion, Inkpot Films

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés, Hindi

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

What's Love Got to Do with It?, 2013

SINOPSE

Ratna traballa como asistente doméstica de Ashwin, un home de familia rica. Aínda que Ashwin parece telo todo, Ratna pode sentir que abandonou os seus soños. Doutra banda, Ratna, que parece non ter nada, está chea de esperanza e traballa con determinación polos seus soños. Cando estes dous mundos colisionan e os dous conectan, e os dous conectan, as barreiras que os separan parecen insuperábeis.

«A historia dunha Cincenta moderna que fala da independencia feminina»

VARIETY



“Quería rodar a película cronoloxicamente, vivila coma se fose verdade”

Entrevista con Rohena Gera

Que podes contar sobre o proceso de escritura? Neste guión quería adoptar un enfoque diferente, non quería trucos nin estratexias, quería mantelo simple e honesto. Quería preguntarme sempre que sucedería realmente nestas situacións e volver a iso. Logo, cando comezamos a filmar a película, elaboramos o guión e realmente coñecemos aos personaxes. Quería rodar a película cronoloxicamente, porque sempre considereí o difícil que sería para os actores retratar esta proximidade cada vez maior. Non quería que tivesen que filmar todas as escenas da casa nun día e logo ao seguinte unha escena no pobo porque tiñan que pasar por estas emocións nas súas actuacións. Queríamos vivir esta película coma se fose verdade.

Mencionaches que tiñas moitas ganas de contar unha historia de amor. Houbo influencias específicas que che axudasen a moldear a historia? Para min, a referencia máis grande (e é unha referencia alta, así que perdóame por iso), é *In the Mood for Love* de Wong Kar-Wai. É unha fermosa película baseada nesta idea de moderación e cruzamento de camiños de dúas persoas, que comparten algo pero non poden

exploralo por completo. Hai pequenos ecos disto en *Señor*, como cando se cruzan no corredor baleiro; ese é un espazo que encarna a idea de separación e de conexión ao mesmo tempo. Houbo algo ao redor de como os personaxes se moven a través deste espazo que me parece moi fermoso e *In the Mood for Love* realmente axudoume a formar as ideas para esta película.

O mundo que representas céntrase na diferenza entre o mundo de Ratna e o de Ashwin. Cal foi o seu enfoque para mostrar esta división ao mesmo tempo que amosa como o amor podería florecer nestas circunstancias? Quería usar as barreiras físicas que existían entre eles, pero nunca quixen forzar esta idea, tiña que ser natural. Debido á dinámica entre Ashwin e Ratna, eles nunca comezarían a falar, tería que haber unha acción que os unise. Isto implica que cando se elimina esta barreira, o simple acto de estar de pé cara a cara vólvese eléctrico. Por exemplo, cando ela chora diante del, elponse de pé pero non sabe que facer, xa que non pode achegarse a ela. Hai outra escena na que Ratna lle di a Ashwin que todos os pais queren que os seus fillos casen e que entende que el estaba baixo esa presión para casar. Isto é algo que el sabe no fondo, pero aínda non o aceptou e sorpréndelle, non só porque é certo, senón porque vén da súa doncela. Creo que existe esa idea de intimidade dentro destas dinámicas, pero tamén a imposibilidade de admitila. Pode haber moitas barreiras entre eles, tanto física como socialmente, pero gradualmente

achéganse a pesar das divisións que existen entre eles. Despois de todo, se tes alguén vivindo no teu fogar, é probable que haxa un grao de intimidade, mesmo se non se fala. Con esta idea en mente, preguntaste: por que un amor así debe ser un tabú? Esa é unha das preguntas centrais no corazón de *Señor*.

Como explorou os temas e ideas da familia e como se vincula iso aos contrastes da vida da cidade e do campo? A súa proximidade á familia está a miúdo relacionada con formas de comportamento e con tanta adherencia existe aos valores tradicionais. Ratna é viúva e ir á cidade outórgalle un grao de liberdade porque esta dálle o anonimato. Ashwin, que adoitaba vivir en Nova York e agora está a regresar a Mumbai, onde vive a súa familia, está a tratar de facer fronte ás súas expectativas. Ashwin vive nunha gaiola dourada. Para Ratna é todo o contrario.

Publicado en surtseyfilms.es
Tradución: Olalla Cociña

A directora

Rohena Gera naceu en 1973 na India. Guionista, directora e produtora comprometida cos avances sociais na India, debutou como guionista na primeira temporada da serie televisiva *Jassi Jaissi Ki Nahin*, da India, en Sony Entertainment Television, en 2003. En 2013 estreou o documental *What's Love Got to Do With It?*, seleccionado no Festival Internacional de Cine de Mumbai. Con *Señor* en 2018 conseguiu ser presentada na Semana da Crítica en Cannes, ademais de estar presente en distintos certames en países como Reino Unido, Alemaña ou Bélxica.

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártealo.
#eusondenumax

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

